

**A NEGOCIACIÓN
COLECTIVA**

8

Carmen Cabanas Carlín

Funcionaria do Consello Galego de Relacións Laborais

Índice capítulo 8

A NEGOCIACIÓN COLECTIVA	3
Parte I. A negociación colectiva en Galicia	3
8.1. Introducción e metodoloxía	3
8.2. Estrutura da negociación colectiva	5
8.3. Ámbitos de aplicación.....	13
8.4. Desenvolvemento da negociación	23
8.5. Réxime económico	27
8.6. Xornada pactada	47
Parte II. Convenios colectivos estatais con aplicación en Galicia	51
Anexo I. Análise das inaplicacións de convenios rexistradas en 2019 en Galicia	59
Anexo II. Estado da ultraactividade da negociación colectiva sectorial en Galicia	68

Capítulo 8. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Parte I. A negociación colectiva en Galicia

8.1. Introducción e metodoloxía

A primeira parte deste capítulo recolle unha análise dos convenios colectivos asinados e revisados durante o ano 2019 en Galicia, centrándose na súa distribución segundo os ámbitos territorial, funcional, temporal e persoal así como nos datos que recollen respecto do incremento salarial e a xornada.

A análise máis pormenorizada das cláusulas doutro tipo que recollen os convenios asinados neste ano poderá consultarse no informe da “Situación da Negociación Colectiva en Galicia 2019” que tamén elabora este Consello.

O criterio de inclusión que se utiliza é o da vixencia económica, polo que os convenios que se teñen en conta son os asinados e revisados en 2019 que teñen vixencia e efectos económicos durante ese ano así como os convenios asinados ou revisados nos últimos días do ano anterior que teñen vixencia e inicio de efectos en 2019. Non se consideraron aqueles convenios que, aínda que foron asinados ou revisados durante o ano 2019, non teñen efectos económicos para ese ano.

Tense en conta a negociación colectiva estatutaria, de eficacia xeral, os pactos extraestatutarios e os acordos reguladores para persoal funcionario e pactos de tipo mixto que regulan de xeito unitario a todo tipo de persoal que presta servizos nas distintas administracións públicas, na medida en que se ten coñecemento deles.

Os datos estatísticos que figuran neste informe foron elaborados tendo en conta o contido dos convenios colectivos e o establecido nas follas estatísticas que de xeito preceptivo os acompañan.

Desde a posta en marcha do programa *REGCON* para o rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo por medios telemáticos, a información extráese directamente do programa desde este Consello.

Para o cálculo da media ponderada do incremento salarial pactado tivéronse en conta os incrementos salariais indicados nos convenios de xeito porcentual e as cláusulas de revisión salarial recollidas neles de igual xeito, sen ter en conta os incrementos lineais ou os convenios nos que se indican varios incrementos.

Para determinar a xornada media pactada tivéronse en conta unicamente os convenios que a regulan de xeito anual, que foron 107 en 2019 (o 65,6% do total de convenios asinados e revisados nese ano).

Inclúese así mesmo unha análise das inaplicacións rexistradas en 2019 e da situación da ultraactividade a 31 de decembro de 2019 dos convenios colectivos de sector en Galicia que se acompañan como anexos a este capítulo.

A segunda parte do capítulo refírese aos convenios de ámbito superior ao da Comunidade Autónoma que afectan a persoas traballadoras en Galicia.

A información recóllese dos convenios publicados no BOE que teñen vixencia para o ano 2019 ou posterior, combinando esta información coa extraída do programa *REGCON* co fin de recoller só os que afectan a persoas traballadoras nalgunha das catro provincias galegas.

Nos convenios de sector o dato do número de persoas traballadoras ás que afectan foi elaborado polo IGE baseándose no traballo realizado neste Consello no que se recollen os CNAE's incluídos no ámbito de aplicación dos ditos convenios.

A fonte dos datos remitidos polo IGE son as Contas de cotización á Seguridade Social (Tesourería Xeral da Seguridade Social).

Nos convenios de empresa estes datos recóllense dos extraídos do programa *REGCON* e/ou contactando directamente cos departamentos de recursos humanos das empresas.

8.2. Estrutura da negociación colectiva

A 31 de decembro de 2019 existen en Galicia 1.033 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, que afectan a 485.926 persoas traballadoras.



No Cadro 8.1 pode apreciarse a evolución no período 2014 – 2019.

Cadro 8.1

**Evolución da estrutura global da negociación colectiva. Por provincias.
Galicia. 2014 - 2019**

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	17	30	23	20	32	122
Empresa	48	272	83	69	302	774
Total 2014	65	302	106	89	334	896
Sector	17	30	23	20	32	122
Empresa	50	281	84	72	307	794
Total 2015	67	311	107	92	339	916
Sector	17	30	23	20	32	122
Empresa	50	294	87	72	320	823
Total 2016	67	324	110	92	352	945
Sector	19	30	23	20	32	124
Empresa	49	300	93	76	335	853
Total 2017	68	330	116	96	367	977
Sector	20	30	23	20	32	125
Empresa	50	307	98	82	344	881
Total 2018	70	337	121	102	376	1.006
Sector	21	30	23	20	32	126
Empresa	51	321	101	86	348	907
Total 2019	72	351	124	106	380	1.033

Neste cómputo total contabilízanse convenios colectivos e acordos reguladores
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia



Capítulo 8. A negociación colectiva

Refírense estes datos a convenios de empresa e de sector negociados en Galicia, incluíndo neste total tamén aqueles pactos de eficacia limitada e acordos reguladores dos que se ten coñecemento.

Durante o ano 2019 asináronse e/ou revisáronse 163 convenios colectivos (116 convenios asinados e 47 revisados), dos que 38 son de sector (22 asinados e 16 revisados) e 125 son de empresa (94 asinados e 31 revisados).

O Cadro 8.2 reflicte estes datos por provincias.

Cadro 8.2

Convenios asinados e revisados. Galicia. Ano 2019.

	CONVENIOS ASINADOS			CONVENIOS REVISADOS			TOTAL ASINADOS E REVISADOS		
	Empresa	Sector	Total	Empresa	Sector	Total	Empresa	Sector	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.									
Núm. Convenios	3	4	7	2	3	5	5	7	12
Núm. Traballad.	2.625	7.050	9.675	581	7.635	8.216	3.206	14.685	17.891
Homes	2.139	5.741	7.880	450	1.039	1.489	2.589	6.780	9.369
Mulleres	486	1.309	1.795	131	6.596	6.727	617	7.905	8.522
A Coruña									
Núm. Convenios	34	1	35	7	6	13	41	7	48
Núm. Traballad.	1.834	300	2.134	509	59.208	59.717	2.343	59.508	61.851
Homes	1.317	270	1.587	379	50.432	50.811	1.696	50.702	52.398
Mulleres	517	30	547	130	8.776	8.906	647	8.806	9.453
Lugo									
Núm. Convenios	10	7	17	4	1	5	14	8	22
Núm. Traballad.	399	10.787	11.186	371	1.500	1.871	770	12.287	13.057
Homes	307	7.836	8.143	175	1.300	1.475	482	9.136	9.618
Mulleres	92	2.951	3.043	196	200	396	288	3.151	3.439
Ourense									
Núm. Convenios	9	6	15	2	0	2	11	6	17
Núm. Traballad.	311	19.660	19.971	210	0	210	521	19.660	20.181
Homes	261	16.839	17.100	180		180	441	16.839	17.280
Mulleres	50	2.821	2.871	30		30	80	2.821	2.901
Pontevedra									
Núm. Convenios	38	4	42	16	6	22	54	10	64
Núm. Traballad.	3.368	33.420	36.788	6.346	50.823	57.169	9.714	84.243	93.957
Homes	2.363	24.156	26.519	4.895	42.881	47.776	7.258	67.037	74.295
Mulleres	1.005	9.264	10.269	1.451	7.942	9.393	2.456	17.206	19.662
Galicia									
Núm. Convenios	94	22	116	31	16	47	125	38	163
Núm. Traballad.	8.537	71.217	79.754	8.017	119.166	127.183	16.554	190.383	206.937
Homes	6.387	54.842	61.229	6.079	95.652	101.731	12.466	150.494	162.960
Mulleres	2.150	16.375	18.525	1.938	23.514	25.452	4.088	39.889	43.977

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.


Nos Cadros 8.3a e 8.3b pode apreciarse a evolución no número de convenios asinados e revisados no período 2014 – 2019.

Cadro 8.3a

Evolución dos convenios colectivos asinados. Por provincias.
Galicia. 2014 - 2019

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	1	4	3	2	5	15
Empresa	4	38	15	4	68	129
Total 2014	5	42	18	6	73	144
Sector	3	1	1	1	4	10
Empresa	6	24	6	10	41	87
Total 2015	9	25	7	11	45	97
Sector	2	0	5	0	8	15
Empresa	6	33	11	6	44	100
Total 2016	8	33	16	6	52	115
Sector	4	9	1	5	3	22
Empresa	2	28	14	8	65	117
Total 2017	6	37	15	13	68	139
Sector	2	7	5	4	9	27
Empresa	3	28	17	14	59	121
Total 2018	5	35	22	18	68	148
Sector	4	1	7	6	4	22
Empresa	3	34	10	9	38	94
Total 2019	7	35	17	15	42	116

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia




Cadro 8.3b

Evolución dos convenios colectivos revisados.
Por provincias. Galicia. 2014 - 2019

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	1	2	0	0	0	3
Empresa	0	1	5	2	4	12
Total 2014	1	3	5	2	4	15
Sector	1	2	4	0	2	9
Empresa	0	1	3	1	6	11
Total 2015	1	3	7	1	8	20
Sector	1	3	0	1	0	5
Empresa	0	2	3	0	6	11
Total 2016	1	5	3	1	6	16
Sector	4	0	0	1	3	8
Empresa	1	5	2	2	10	20
Total 2017	5	5	2	3	13	28
Sector	2	5	0	1	1	9
Empresa	2	5	5	1	7	20
Total 2018	4	10	5	2	8	29
Sector	3	6	1	0	6	16
Empresa	2	7	4	2	16	31
Total 2019	5	13	5	2	22	47

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia



Segundo se pode apreciar con maior detalle nos cadros que seguen a continuación (Cadros 8.4 e 8.4bis), asináronse por primeira vez 28 convenios en 2019.

Afectan estes convenios a 1.156 persoas traballadoras (754 homes e 402 mulleres) e só un deles é de sector (o do sector de Salas de exhibición cinematográfica de Galicia).

Cadro 8.4


Convenios colectivos de sector e empresa asinados por vez primeira.
Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2019

Sector	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agric. e Pesca	-	-	-	-	-	0
Industria	-	-	-	-	-	0
Construción	-	-	-	-	-	0
Servizos	1	-	-	-	-	1
Total	1	0	0	0	0	1

Empresa	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agric. e Pesca	-	1	-	-	-	1
Industria	-	1	1	1	2	5
Construción	-	1	-	-	-	1
Servizos	-	12	2	3	3	20
Total	0	15	3	4	5	27

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Convenios colectivos negociados por primeira vez. Porcentaxe provincial. Ano 2019.



Cadro 8.4bis

Convenios colectivos asinados por primeira vez. Galicia. 2019.



	EMPRESA	SECTOR	TOTAL
C. Autónoma / Interprov. C.A.			
Núm. Convenios	0	1	1
Núm. Traballad.	0	263	263
Homes		133	133
Mulleres		130	130
A Coruña			
Núm. Convenios	15	0	15
Núm. Traballad.	605	0	605
Homes	413		413
Mulleres	192		192
Lugo			
Núm. Convenios	3	0	3
Núm. Traballad.	87	0	87
Homes	62		62
Mulleres	25		25
Ourense			
Núm. Convenios	4	0	4
Núm. Traballad.	34	0	34
Homes	16		16
Mulleres	18		18
Pontevedra			
Núm. Convenios	5	0	5
Núm. Traballad.	167	0	167
Homes	130		130
Mulleres	37		37
Galicia			
Núm. Convenios	27	1	28
Núm. Traballad.	893	263	1.156
Homes	621	133	754
Mulleres	272	130	402

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Se ademais dos convenios asinados neste ano se teñen en conta os convenios asinados en anos anteriores con vixencia para 2019 ou posterior, o número de convenios con vixencia expresa para 2019 é de 339.

Afectan estes convenios a 325.689 persoas traballadoras e deles 54 son de sector (o 42,86% do total dos convenios de sector existentes) e afectan a 294.344 persoas traballadoras e 285 son de empresa (o 31,42% do total dos de empresa existentes) e afectan a 31.345 persoas traballadoras.

Nos gráficos que seguen a continuación pode apreciarse o número de convenios existentes e o dos que teñen vixencia expresa por provincias.



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia


O Cadro 8.5 recolle a evolución dos convenios con vixencia expresa no período 2009 – 2019.

Cadro 8.5

Evolución convenios con vixencia expresa. Galicia. 2009 - 2019

	Empresa	Sector	Total	Núm. Traballad.
2009	312	84	396	407.891
2010	290	76	366	271.855
2011	244	60	304	261.557
2012	222	40	262	131.172
2013	267	56	323	298.486
2014	276	44	320	264.723
2015	276	37	313	211.164
2016	244	33	277	135.558
2017	254	35	289	206.643
2018	284	52	336	347.567
2019	285	54	339	325.689

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

8.3. Ámbitos de aplicación

8.3.1. Funcional

Dos 163 convenios asinados ou revisados este ano, o 23,31% son de sector (38 convenios) e o 76,69% de empresa (125 convenios).

Tal e como veremos na análise do ámbito persoal, a maioría das persoas traballadoras e das empresas están afectadas por convenios de sector.

Segundo se pode apreciar no Cadro 8.6, concéntranse estes convenios no sector servizos e na industria.

Cadro 8.6

Convenios colectivos asinados e revisados. Por sector e grupos de empresas, empresas e ámbitos inferiores. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2019.

	Agric. e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.					
Convenios de sector asinados	-	-	-	4	4
Convenios de sector revisados	-	-	-	3	3
Convenios de empresa asinados	1	2	-	-	3
Convenios de empresa revisados	-	1	-	1	2
A Coruña					
Convenios de sector asinados	-	1	-	-	1
Convenios de sector revisados	-	2	2	2	6
Convenios de empresa asinados	1	10	1	22	34
Convenios de empresa revisados	-	4	-	3	7
Lugo					
Convenios de sector asinados	-	3	1	3	7
Convenios de sector revisados	-	1	-	-	1
Convenios de empresa asinados	-	7	-	3	10
Convenios de empresa revisados	-	1	-	3	4
Ourense					
Convenios de sector asinados	-	2	1	3	6
Convenios de sector revisados	-	-	-	-	0
Convenios de empresa asinados	-	3	-	6	9
Convenios de empresa revisados	-	1	-	1	2
Pontevedra					
Convenios de sector asinados	-	2	-	2	4
Convenios de sector revisados	-	4	-	2	6
Convenios de empresa asinados	-	22	-	16	38
Convenios de empresa revisados	-	5	-	11	16
Galicia					
Convenios de sector asinados	0	8	2	12	22
Convenios de sector revisados	0	7	2	7	16
Convenios de empresa asinados	2	44	1	47	94
Convenios de empresa revisados	0	12	0	19	31

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

A distribución destes convenios por provincias e por seccións da CNAE 2009 pode apreciarse no Cadro 8.6bis.

Capítulo 8. A negociación colectiva

Cadro 8.6bis

Convenios colectivos asinados e revisados. Por provincias e seccións da CNAE 2009. Galicia. 2019.

TOTAL CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS EN 2019	C. Autónoma/ Interprov.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
SECCIÓN CNAE 2009						
A Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1	1	-	-	-	2
B Industrias extractivas	-	-	-	-	1	1
C Industria manufacturera	2	9	10	4	22	47
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-	-	-	-	-	0
E Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	1	8	2	2	10	23
F Construción	-	3	1	1	-	5
G Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	-	1	3	1	3	8
H Transporte e almacenamento	1	4	2	3	13	23
I Hostalería	-	1	1	1	-	3
J Información e comunicacións	1	-	-	-	-	1
K Actividades financeiras e de seguros	-	-	-	-	-	0
L Actividades inmobiliarias	-	-	-	-	-	0
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	-	1	-	2	-	3
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	1	6	1	1	6	15
O Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	-	13	2	-	4	19
P Educación	-	-	-	-	-	0
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	1	-	-	1	1	3
R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	1	-	-	-	4	5
S Outros servizos	3	1	-	1	-	5
T Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	-	-	-	-	-	0
U Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	-	-	-	-	-	0

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

8.3.2. Territorial

Igual que en anos anteriores o ámbito territorial de negociación máis empregado foi o provincial, tan só o 7,36% dos convenios asinados e/ou revisados en 2019 foron de ámbito superior á provincia.

Por provincias, tal e como ven sendo habitual, Pontevedra é a que tivo máis actividade negociadora, o 39,26% do total, seguida da Coruña cun 29,45%.

8.3.3. Persoal

Os convenios asinados e revisados en Galicia no ano 2019 afectaron a 206.937 persoas traballadoras, das que 162.960 son homes e 43.977 mulleres (Cadros 8.7 e 8.8).

O 92% teñen reguladas as súas condicións de traballo por convenios de sector.

Cadro 8.7

Persoas traballadoras e empresas afectadas por convenios colectivos asinados e revisados. Sector. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2019.

	Agric. e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.					
Núm. Empresas	-	-	-	4.040	4.040
Núm. Traballad.	-	-	-	14.685	14.685
Homes				6.780	6.780
Mulleres				7.905	7.905
A Coruña					
Núm. Empresas	-	2.170	4.000	505	6.675
Núm. Traballad.	-	18.250	32.000	9.258	59.508
Homes		17.270	30.400	3.032	50.702
Mulleres		980	1.600	6.226	8.806
Lugo					
Núm. Empresas	-	1.573	830	3.487	5.890
Núm. Traballad.	-	5.446	2.500	4.341	12.287
Homes		4.131	2.400	2.605	9.136
Mulleres		1.315	100	1.736	3.151
Ourense					
Núm. Empresas	-	480	250	2.590	3.320
Núm. Traballad.	-	10.200	4.760	4.700	19.660
Homes		9.025	4.284	3.530	16.839
Mulleres		1.175	476	1.170	2.821
Pontevedra					
Núm. Empresas	-	6.471	-	2.229	8.700
Núm. Traballad.	-	62.959	-	21.284	84.243
Homes		56.862		10.175	67.037
Mulleres		6.097		11.109	17.206
Galicia					
Núm. Empresas	0	10.694	5.080	12.851	28.625
Núm. Traballad.	0	96.855	39.260	54.268	190.383
Homes		87.288	37.084	26.122	150.494
Mulleres		9.567	2.176	28.146	39.889

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



O sector da industria é, nos convenios de sector, o que agrupa o maior número de persoas traballadoras no ano 2019 (50,9%).



Capítulo 8. A negociación colectiva

Cadro 8.8

Persoas traballadoras e empresas afectadas por convenios colectivos asinados e revisados. Grupos de empresas, empresas e ámbitos inferiores. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2019.

	Agric. e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.					
Núm. Empresas	2	5	-	1	8
Núm. Traballad.	359	2.793	-	54	3.206
Homes	272	2.303		14	2.589
Mulleres	87	490		40	617
A Coruña					
Núm. Empresas	1	14	1	25	41
Núm. Traballad.	8	1.495	10	830	2.343
Homes	5	1.151	9	531	1.696
Mulleres	3	344	1	299	647
Lugo					
Núm. Empresas	-	8	-	6	14
Núm. Traballad.	-	453	-	317	770
Homes		238		244	482
Mulleres		215		73	288
Ourense					
Núm. Empresas	-	4	-	7	11
Núm. Traballad.	-	257	-	264	521
Homes		224		217	441
Mulleres		33		47	80
Pontevedra					
Núm. Empresas	-	27	-	27	54
Núm. Traballad.	-	8.038	-	1.676	9.714
Homes		6.364		894	7.258
Mulleres		1.674		782	2.456
Galicia					
Núm. Empresas	3	58	1	66	128
Núm. Traballad.	367	13.036	10	3.141	16.554
Homes	277	10.280	9	1.900	12.466
Mulleres	90	2.756	1	1.241	4.088

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



Por provincias o maior número de persoas traballadoras afectadas pola negociación deste ano corresponde a Pontevedra seguida da Coruña.

No que a empresas se refire, a negociación colectiva de 2019 afectou a 28.753 empresas.

Os Cadros 8.9 e 8.10 agrupan os convenios de sector asinados e revisados en 2019 en función do número de persoas traballadoras e de empresas ás que afecta cada convenio.

Neles pode observarse que o maior número de convenios de sector asinados ou revisados nese ano concéntrase no tramo que afecta entre 1.001 e 3.000 persoas traballadoras (13 convenios, un 34,21%) seguido do tramo entre 101 e 500 persoas traballadoras (8 convenios, un 21,05%). Nos tramos entre 3.001 e 5.000 e entre 5.001 e 10.000 persoas traballadoras atópanse 4 convenios en cada un deles, un 10,53%.

Tendo en conta o número de empresas afectadas nos convenios colectivos de sector asinados e revisados en 2019, obsérvase que o maior número de convenios está comprendido no tramo de 101 a 500 empresas (12 convenios, un 31,58%), seguido do tramo de 0 a 50 empresas (8 convenios, un 21,05%), do de máis de 2.000 empresas (7 convenios, un 18,42%) e do de 51 a 100 empresas (6 convenios, un 15,79%).

Cadro 8.9

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de traballadores/as afectados/as. Sector. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2019.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
51-100 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	10,00	1	2,63
101-500 trab.	2	28,57	1	14,29	2	25,00	2	33,33	1	10,00	8	21,05
501-1.000 trab.	1	14,29	-	0,00	1	12,50	1	16,67	-	0,00	3	7,89
1.001-3.000 trab.	2	28,57	3	42,86	4	50,00	-	0,00	4	40,00	13	34,21
3.001-5.000 trab.	1	14,29	-	0,00	1	12,50	2	33,33	-	0,00	4	10,53
5.001-10.000 trab.	1	14,29	1	14,29	-	0,00	1	16,67	1	10,00	4	10,53
10.001-20.000 trab.	-	0,00	1	14,29	-	0,00	-	0,00	1	10,00	2	5,26
+20.000 trab.	-	0,00	1	14,29	-	0,00	-	0,00	2	20,00	3	7,89
Total convenios	7	100	7	100	8	100	6	100	10	100	38	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Cadro 8.10

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de empresas afectadas. Sector. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2019.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 empresas	3	42,86	1	14,29	-	0,00	2	33,33	2	20,00	8	21,05
51-100 empresas	-	0,00	-	0,00	2	25,00	1	16,67	3	30,00	6	15,79
101-500 empresas	3	42,86	2	28,57	3	37,50	2	33,33	2	20,00	12	31,58
501-1.000 empresas	-	0,00	2	28,57	1	12,50	-	0,00	-	0,00	3	7,89
1.001-2.000 empresas	-	0,00	1	14,29	1	12,50	-	0,00	-	0,00	2	5,26
+ de 2.000 empresas	1	14,29	1	14,29	1	12,50	1	16,67	3	30,00	7	18,42
Total convenios	7	100	7	100	8	100	6	100	10	100	38	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

O Cadro 8.11 agrupa os convenios de empresa asinados e revisados en 2019 en función do número de persoas traballadoras ás que afecta cada convenio.

Nel pode apreciarse que o 44% dos convenios de empresa asinados e revisados en 2019 son convenios de empresas que teñen de 6 a 30 persoas traballadoras.

Os tramos seguintes son os dos convenios que afectan a empresas de 50 a 100 persoas traballadoras e de 101 a 250 persoas traballadoras (un 17,60% cada un deles) seguido do de 31 a 49 persoas traballadoras (un 12%).

Cadro 8.11

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de traballadores/as afectados/as. Empresa. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2019.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-5 trab.	-	0,00	2	4,88	-	0,00	-	0,00	-	0,00	2	1,60
6-30 trab.	-	0,00	16	39,02	7	50,00	7	63,64	25	46,30	55	44,00
31-49 trab.	-	0,00	7	17,07	-	0,00	1	9,09	7	12,96	15	12,00
50-100 trab.	1	20,00	8	19,51	4	28,57	1	9,09	8	14,81	22	17,60
101-250 trab.	1	20,00	7	17,07	3	21,43	2	18,18	9	16,67	22	17,60
251-500 trab.	1	20,00	1	2,44	-	0,00	-	0,00	3	5,56	5	4,00
501-750 trab.	1	20,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	1,85	2	1,60
751-1.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
1.001-2.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
2.001-3.000 trab.	1	20,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	0,80
+ 3.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	1,85	1	0,80
Total convenios	5	100	41	100	14	100	11	100	54	100	125	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

O Cadro 8.12 reflicte o cadro de persoal medio das empresas afectadas pola negociación feita en 2019 que é de 7 persoas traballadoras por empresa, 7 por empresa nos convenios colectivos de sector e 129 nos de empresa.

Cadro 8.12

Cadros de persoal medio das empresas afectadas pola negociación colectiva. Por provincias. Galicia. 2019.

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	3,6	8,9	2,1	5,9	9,7	6,7
Empresa	400,8	57,1	55,0	47,4	179,9	129,3
Total	4,4	9,2	2,2	6,1	10,7	7,2

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

8.3.4. Temporal

Os Cadros 8.13 e 8.14 reflicten as vixencias medias dos convenios colectivos de sector e de empresa asinados en 2019.


A vixencia que máis se repite nos 94 convenios de empresa asinados este ano é a de 3 anos (o 25,5%) seguida da de 2 anos (o 19,1%) e 4 anos (o 12,8%). O 11,7% indican unha vixencia de 1 ano e un 8,5% indican unha vixencia de 5 anos e outro 8,5% máis de 5 anos.

Cadro 8.13

Vixencias medias dos convenios colectivos de empresa.
Porcentaxe sobre o total de convenios de empresa asinados.
Por provincias. Galicia. 2019

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 1 ano	-	0,00	2	5,88	-	0,00	-	0,00	2	5,26	4	4,3
1 ano	-	0,00	3	8,82	1	10,00	1	11,11	6	15,79	11	11,7
De 1 a 2 anos	-	0,00	5	14,71	-	0,00	-	0,00	2	5,26	7	7,4
2 anos	-	0,00	11	32,35	3	30,00	1	11,11	3	7,89	18	19,1
De 2 a 3 anos	-	0,00	-	0,00	1	10,00	-	0,00	-	0,00	1	1,1
3 anos	2	66,67	7	20,59	3	30,00	3	33,33	9	23,68	24	25,5
De 3 a 4 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	2,63	1	1,1
4 anos	-	0,00	4	11,76	1	10,00	1	11,11	6	15,79	12	12,8
De 4 a 5 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,0
5 anos	-	0,00	1	2,94	-	0,00	2	22,22	5	13,16	8	8,5
Máis de 5 anos	1	33,33	1	2,94	1	10,00	1	11,11	4	10,53	8	8,5
Total	3		34		10		9		38		94	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



Dos 8 convenios con vixencia de máis de 5 anos dous inician efectos en 2014 e rematan un en 2022 e o outro en 2020, un inician efectos en 2017 e remata en 2022, un inician efectos en 2018 e remata en 2023 e catro inician efectos en 2019 rematando dous en 2024, un en 2025 e o outro en 2028.

Dos 8 con vixencia de 5 anos tres inician efectos en 2016 e rematan en 2020, dous inician efectos en 2018 e rematan en 2022, un inician efectos en abril de 2018 e remata en marzo de 2023 e os outros dous inician efectos en 2019.

Dos 12 convenios con vixencia de 4 anos catro inician efectos en 2017 e rematan en 2020, catro inician efectos en 2018 e rematan en 2021 e os outros catro inician efectos en 2019.

Capítulo 8. A negociación colectiva


Dos 22 convenios de sector asinados en 2019 o 36,4% indican unha vixencia de 3 anos. Un 18,2% indican 2 anos e outro 18,2% indican máis de 5 anos, un 13,6% indican 4 anos e un 9,1% indica 5 anos. O 4,5% restante indica 1 ano.

Cadro 8.14

Vixencias medias dos convenios colectivos de sector.
Porcentaxe sobre o total de convenios de sector asinados.
Por provincias. Galicia. 2019

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 1 ano	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,0
1 ano	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	16,67	-	0,00	1	4,5
De 1 a 2 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,0
2 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	2	33,33	2	50,00	4	18,2
De 2 a 3 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,0
3 anos	1	25,00	-	0,00	3	42,86	3	50,00	1	25,00	8	36,4
De 3 a 4 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,0
4 anos	1	25,00	-	0,00	2	28,57	-	0,00	-	0,00	3	13,6
De 4 a 5 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,0
5 anos	-	0,00	1	100,00	-	0,00	-	0,00	1	25,00	2	9,1
Máis de 5 anos	2	50,00	-	0,00	2	28,57	-	0,00	-	0,00	4	18,2
Total	4		1		7		6		4		22	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



Dos tres convenios con vixencia de 4 anos dous inician os seus efectos en 2018 e rematan en 2021 e o outro inicia os seus efectos en 2019 e remata en 2022.

Dos dous convenios con vixencia de 5 anos un inicia os seus efectos en 2017 e remata en 2021 e o outro inicia os seus efectos en 2018 e remata en 2022.

Dos catro convenios con vixencia de máis de 5 anos un inicia os seus efectos en 2013 e remata en 2020, outro inicia os efectos en 2014 e remata en 2021, outro inicia os seus efectos en 2016 e remata en 2022 e o outro é o Acordo marco galego do sector do transporte de viaxeiros por estrada que ten vixencia indefinida.

Sinalar por último que entre os convenios asinados en 2019 que indican unha vixencia superior a un ano (100 convenios, o 86,2% do total de asinados), 10 rematan a súa vixencia neste ano 2019. Deles 4 son de sector e 6 de empresa.

8.3.5. Ultractividade

No ano 2019 son 88 os convenios que teñen cláusulas respecto da ultraactividade (o 75,86% dos asinados neste ano). Estes convenios afectan a 66.091 persoas traballadoras (82,87%) das que 55.771 son homes e 10.320 mulleres.

Nos convenios de sector a porcentaxe de convenios con pacto de ultraactividade é do 86,36% e nos de empresa do 73,40%.

O Cadro 8.15 reflicte estes datos por provincias.

Maioritariamente as cláusulas indican que o convenio seguirá vixente ata a sinatura do seguinte, só en catro convenios o pacto de ultraactividade ten unha duración limitada. Un é o do sector da Industria de ebanistería e afíns de Lugo e os outros tres son de empresa (un de Ourense e dous de Pontevedra).

Cadro 8.15

Convenios colectivos asinados con pacto de ultraactividade. Galicia. 2019

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	2	66,67%	3	75,00%	5	71,43%
	Núm. Traballad.	591	22,51%	5.978	84,79%	6.569	67,90%
	Homes	470	17,90%	4.995	70,85%	5.465	56,49%
	Mulleres	121	4,61%	983	13,94%	1.104	11,41%
A Coruña							
	Núm. Convenios	22	64,71%	0	0,00%	22	62,86%
	Núm. Traballad	1.160	63,25%	0	0,00%	1.160	54,36%
	Homes	773	42,15%		0,00%	773	36,22%
	Mulleres	387	21,10%		0,00%	387	18,13%
Lugo							
	Núm. Convenios	8	80,00%	7	100,00%	15	88,24%
	Núm. Traballad	326	81,70%	10.787	100,00%	11.113	99,35%
	Homes	256	64,16%	7.836	72,64%	8.092	72,34%
	Mulleres	70	17,54%	2.951	27,36%	3.021	27,01%
Ourense							
	Núm. Convenios	8	88,89%	6	100,00%	14	93,33%
	Núm. Traballad	302	97,11%	19.660	100,00%	19.962	99,95%
	Homes	256	82,32%	16.839	85,65%	17.095	85,60%
	Mulleres	46	14,79%	2.821	14,35%	2.867	14,36%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	29	76,32%	3	75,00%	32	76,19%
	Núm. Traballad	2.867	85,12%	24.420	73,07%	27.287	74,17%
	Homes	1.990	59,09%	22.356	66,89%	24.346	66,18%
	Mulleres	877	26,04%	2.064	6,18%	2.941	7,99%
Galicia							
	Núm. Convenios	69	73,40%	19	86,36%	88	75,86%
	Núm. Traballad	5.246	61,45%	60.845	85,44%	66.091	82,87%
	Homes	3.745	43,87%	52.026	73,05%	55.771	69,93%
	Mulleres	1.501	17,58%	8.819	12,38%	10.320	12,94%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Capítulo 8. A negociación colectiva

Segundo se pode apreciar no Cadro 8.15bis, establecen unha denuncia automática 40 convenios (o 34,5% dos asinados no ano 2019), dos que 4 son de sector (18,2% dos de sector asinados este ano) e 36 son de empresa (o 38,3% dos de empresa asinados este ano).

Destes 40 convenios con denuncia automática, 35 (o 87,5%) recollen pacto de ultraactividade (o 100% dos convenios de sector é o 86,1% dos de empresa).

Cadro 8.15bis

Convenios colectivos asinados con denuncia automática e pacto de ultraactividade. Galicia. 2019

		EMPRESA				SECTOR				TOTAL			
		Denuncia automática		Recollen Pacto ultraactividade		Denuncia automática		Recollen Pacto ultraactividade		Denuncia automática		Recollen Pacto ultraactividade	
		Núm.	% (1)	Núm.	% (2)	Núm.	% (1)	Núm.	% (2)	Núm.	% (1)	Núm.	% (2)
C. Autónoma / Interprov. C.A.													
	Núm. Convenios	1	33,3%	1	100,0%	1	25,0%	1	100,0%	2	28,6%	2	100,0%
	Núm. Traballad.	232	8,8%	232	100,0%	1.600	22,7%	1.600	100,0%	1.832	18,9%	1.832	100,0%
	Homes	198	7,5%	198	85,3%	1.360	19,3%	1.360	85,0%	1.558	16,1%	1.558	85,0%
	Mulleres	34	1,3%	34	14,7%	240	3,4%	240	15,0%	274	2,8%	274	15,0%
A Coruña													
	Núm. Convenios	6	17,6%	4	66,7%	0	0,0%			6	17,1%	4	66,7%
	Núm. Traballad.	290	15,8%	267	92,1%	0	0,0%			290	13,6%	267	92,1%
	Homes	253	13,8%	239	82,4%					253	11,9%	239	82,4%
	Mulleres	37	2,0%	28	9,7%					37	1,7%	28	9,7%
Lugo													
	Núm. Convenios	4	40,0%	3	75,0%	2	28,6%	2	100,0%	6	35,3%	5	83,3%
	Núm. Traballad.	161	40,4%	149	92,5%	3.077	28,5%	3.077	100,0%	3.238	28,9%	3.226	99,6%
	Homes	126	31,6%	114	70,8%	2.031	18,8%	2.031	66,0%	2.157	19,3%	2.145	66,2%
	Mulleres	35	8,8%	35	21,7%	1.046	9,7%	1.046	34,0%	1.081	9,7%	1.081	33,4%
Ourense													
	Núm. Convenios	0	0,0%			0	0,0%			0	0,0%		
	Núm. Traballad.	0	0,0%			0	0,0%			0	0,0%		
	Homes												
	Mulleres												
Pontevedra													
	Núm. Convenios	25	65,8%	23	92,0%	1	25,0%	1	100,0%	26	61,9%	24	92,3%
	Núm. Traballad.	2.665	79,1%	2.626	98,5%	90	0,3%	90	100,0%	2.755	7,5%	2.716	98,6%
	Homes	1.860	55,2%	1.825	68,5%	70	0,2%	70	77,8%	1.930	5,2%	1.895	68,8%
	Mulleres	805	23,9%	801	30,1%	20	0,1%	20	22,2%	825	2,2%	821	29,8%
Galicia													
	Núm. Convenios	36	38,3%	31	86,1%	4	18,2%	4	100,0%	40	34,5%	35	87,5%
	Núm. Traballad.	3.348	39,2%	3.274	97,8%	4.767	6,7%	4.767	100,0%	8.115	10,2%	8.041	99,1%
	Homes	2.437	28,5%	2.376	71,0%	3.461	4,9%	3.461	72,6%	5.898	7,4%	5.837	71,9%
	Mulleres	911	10,7%	898	26,8%	1.306	1,8%	1.306	27,4%	2.217	2,8%	2.204	27,2%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

(1) Porcentaxe respecto do total de convenios asinados no ano

(2) Porcentaxe respecto dos convenios con denuncia automática

8.4. Desenvolvemento da negociación

Duración das negociacións:

Na elaboración deste dato empréganse como data inicial a da constitución da comisión negociadora, recollida da que se sinala na folla estatística do convenio ou nas actas se se dispón delas, e como data final a da sinatura do convenio.

Neste ano o 36,36% dos convenios de sector asinados empregaron máis de 1 ano na negociación e o 27,27% empregou máis 3 meses sen superar os 6 meses.

Nos convenios de empresa o 32,98% empregou un mes ou menos na negociación e un 24,47% empregou máis de un ano.

O Cadro 8.16 reflicte a duración das negociacións nos convenios de empresa e de sector por provincias en 2019.

Cadro 8.16

Duración das negociacións. Convenios de Sector.
Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2019.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1 mes ou menos	1	25,00	-	0,00	-	0,00	1	16,67	1	25,00	3	13,64
Máis de 1 mes ata 3 meses	-	0,00	-	0,00	-	0,00	3	50,00	-	0,00	3	13,64
Máis de 3 meses ata 6 meses	1	25,00	-	0,00	4	57,14	1	16,67	-	0,00	6	27,27
Máis de 6 meses ata 9 meses	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	16,67	-	0,00	1	4,55
Máis de 9 meses ata 1 ano	1	25,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	4,55
Máis de 1 ano	1	25,00	1	100,00	3	42,86	-	0,00	3	75,00	8	36,36
Total convenios	4	100	1	100	7	100	6	100	4	100	22	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Duración das negociacións. Convenios de Empresa.
Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2019.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1 mes ou menos	1	33,33	8	23,53	6	60,00	4	44,44	12	31,58	31	32,98
Máis de 1 mes ata 3 meses	-	0,00	4	11,76	-	0,00	3	33,33	5	13,16	12	12,77
Máis de 3 meses ata 6 meses	-	0,00	6	17,65	-	0,00	-	0,00	4	10,53	10	10,64
Máis de 6 meses ata 9 meses	-	0,00	4	11,76	1	10,00	-	0,00	4	10,53	9	9,57
Máis de 9 meses ata 1 ano	-	0,00	3	8,82	-	0,00	1	11,11	5	13,16	9	9,57
Máis de 1 ano	2	66,67	9	26,47	3	30,00	1	11,11	8	21,05	23	24,47
Total convenios	3	100	34	100	10	100	9	100	38	100	94	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Participación de mulleres na composición das mesas negociadoras.

A información para a elaboración destes cadros recóllese da que figura nas actas e nas follas estatísticas que acompañan aos convenios para o seu rexistro, e que foi extraída directamente do programa Regcon de rexistro telemático de convenios.

No ano 2019 existe participación de mulleres na comisión negociadora en 76 convenios, o 65,5% do total dos asinados este ano. Estes convenios afectan a 69.845 persoas traballadoras (o 87,6%), das que 52.741 son homes e 17.104 mulleres.


Segundo recolle o Cadro 8.17, o número de mulleres que participou nas comisións negociadoras foi de 52 por parte das empresas e/ou organizacións empresariais (un 17% fronte a 258 homes, un 83%) e 121 por parte das organizacións sindicais (un 19% fronte a 507 homes, un 81%).

Cadro 8.17

CONVENIOS ASINADOS AÑO 2019 COMPOSICIÓN DA COMISIÓN NEGOCIADORA

	EMPRESA / ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS		ORGANIZACIÓNS SINDICAIS		TOTAL	
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
Empresa	166	34	343	93	509	127
Sector	92	18	164	28	256	46
TOTAL	258	52	507	121	765	173

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

No Cadro 8.18 pode apreciarse a evolución na composición das comisións negociadoras no período 2010 - 2019.




Cadro 8.18

COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS NEGOCIADORAS
Galicia. 2010 - 2019

	Empresa/ Organizacións empresariais		Organizacións sindicais		TOTAL	
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
Sector						
2010	119	28	180	80	299	108
2011	139	35	193	46	332	81
2012	54	17	79	41	133	58
2013	162	45	218	122	380	167
2014	48	5	77	17	125	22
2015	40	8	42	22	82	30
2016	62	8	93	24	155	32
2017	89	43	162	80	251	123
2018	94	35	179	65	273	100
2019	92	18	164	28	256	46
Empresa						
2010	207	47	477	135	684	182
2011	192	41	419	120	611	161
2012	190	50	399	148	589	198
2013	282	95	647	201	929	296
2014	224	52	467	152	691	204
2015	155	33	286	69	441	102
2016	161	42	318	105	479	147
2017	213	60	427	123	640	183
2018	197	74	418	169	615	243
2019	166	34	343	93	509	127
TOTAL						
2010	326	75	657	215	983	290
2011	331	76	612	166	943	242
2012	244	67	478	189	722	256
2013	444	140	865	323	1309	463
2014	272	57	544	169	816	226
2015	195	41	328	91	523	132
2016	223	50	411	129	634	179
2017	302	103	589	203	891	306
2018	291	109	597	234	888	343
2019	258	52	507	121	765	173

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNES NEGOCIADORAS. Galicia. 2010 - 2019



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

8.5. Réxime económico

8.5.1. Incremento salarial medio ponderado

A media ponderada do incremento salarial pactado nos convenios asinados e revisados en Galicia no ano 2019 foi do 1,75% (Cadro 8.19).


Respecto da inflación, este incremento é superior ao IPC galego deste ano que foi do 0,7% e ao estatal que foi do 0,8%.

Cadro 8.19

Evolución da media ponderada do incremento salarial pactado. Por provincias. Galicia. 2016-2019

	Convenios sector				Revisións sector				Convenios empresa				Revisións empresa				Media total			
	2016	2017	2018	2019	2016	2017	2018	2019	2016	2017	2018	2019	2016	2017	2018	2019	2016	2017	2018	2019
A Coruña	-	1,49	2,00	2,25	0,90	-	1,91	2,00	1,25	1,24	1,77	2,01	1,26	1,36	2,03	1,58	0,92	1,49	1,96	2,00
Lugo	1,19	1,25	1,94	2,15	-	-	-	2,00	0,89	1,69	1,91	2,37	0,57	1,90	1,55	1,61	1,17	1,29	1,92	2,13
Ourense	-	1,25	2,00	2,33	0,90	2,00	1,50	-	0,49	1,64	1,85	2,20	-	0,50	4,00	1,20	0,85	1,35	1,96	2,31
Pontevedra	1,24	1,71	2,13	1,87	-	1,81	1,25	1,25	0,21	1,49	1,96	1,76	1,47	0,73	0,25	0,43	0,87	1,66	1,72	1,43
C. Autónoma / Interprov. C.A.	1,50		2,00	3,00	1,50	1,55	1,10	1,20	1,35	1,60	1,55	1,96	-	1,60	1,30	1,22	1,46	1,57	1,58	1,95
Galicia	1,27	1,56	2,05	2,06	0,91	1,78	1,59	1,66	0,56	1,46	1,87	1,91	1,32	0,82	0,53	0,60	0,97	1,57	1,84	1,75

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Estas medias ponderadas están calculadas tendo en conta o incremento salarial indicado en porcentaxe nos convenios asinados e revisados en 2019 e as cláusulas de revisión salarial que recollen o 21,55% dos convenios asinados e o 27,66% dos revisados este ano.

Sen ter en conta estas cláusulas de revisión salarial, o incremento pactado inicialmente foi tamén do 1,75%, existindo soamente diferenzas nos incrementos pactados nos convenios asinados de empresa en Pontevedra.

O tipo de incremento que se pacta xeralmente consiste en sinalar unha porcentaxe concreta ou fixalo en función do IPC.

Nalgúns convenios fíxase de xeito lineal, ás veces combinado cun incremento porcentual.

Establecen nalgúns convenios o incremento ou unha parte del de xeito variable vinculada aos resultados da empresa.


No Cadro 8.20 pode apreciarse a evolución do incremento salarial pactado en relación co IPC en Galicia no período 2006 – 2019.

Cadro 8.20

Evolución do incremento salarial pactado e relación co IPC. Galicia

	Incremento salarial Galicia	IPC real Galicia
2006	3,88	2,6
2007	5,01	4,1
2008	4,07	1,2
2009	3,31	0,9
2010	2,69	3,1
2011	2,82	2,5
2012	1,47	2,6
